

NON É O QUE PARECE. AINDA PODE SER PEOR.

O **Movemento Galego da Saúde Mental** congratúlase porque se tivera detido o plan das autoridades do SERGAS de pechar a Unidade de Hospitalización Psiquiátrica do Hospital Gil Casares de Santiago. Foi a firme oposición dos profesionais e cidadáns que se foron sumando en contra dese plan, as fortes razóns nas que se fundamentaron para opoñerse, e o acceso e desvelamento dos datos e proxectos dos xestores, o que logrou que estes retrocederan nese obxectivo tan inaceptable.

Pero sabemos fundadamente (ca mesma certeza que cando dixemos que os datos de ocupación do 50% eran falsos) que o plan de peche permanece activo, que prevén nos tempos inmediatos unha aplicación sistemática de medidas para desocupar progresivamente camas e logo “bloquealas” (na curiosa terminoloxía xerencial), e que ó final intentarán pechar a Unidade cando alcancen a cantidade de “camas inactivas” que necesitan para argumentar o que pretenden. Nese plan as necesidades e os dereitos sanitarios non están a ser considerados, o obxectivo é meramente o de cadrar os balances. Estaremos moi atentos e impedirémolo.

Tamén soubemos que o xefe de servizo en funcións reclamou onte, a petición dunha autoridade sanitaria da Consellería, explicacións a unha facultativa pola información e valoración pública que fixeron usuarios do Hospital de Día sobre o peche da Unidade do Gil Casares, e que recolleron os medios informativos o pasado 1 de mayo .

Ese feito en sí mesmo creemos que é dunha gravidade extraordinaria: expresa a anulación da capacidade dos usuarios de servizos sanitarios para decidir por sí mesmos, e ignora que **todas as persoas teñen dereito á liberdade de expresión**, que ademais de exercerse na opinión antes citada, exprésase tamén xenialmente en producións artísticas, como a que dou a coñecer onte o tamén usuario do Hospital de Día que se presenta como **YORA** no rap que se pode escoitar neste enlace. <https://soundcloud.com/yorarap/proyectowav>

Creemos que esta reclamación de explicacións é grave e contribúe á estigmatización das persoas atendidas nos servizos de saúde mental, e queremos coñecer á autoridade da Consellería que as solicitou.

Pero ademais aínda estamos á espera de que a Dirección de Recursos Humanos aclare o ocorrido cas advertencias de non renovación de contratación laboral que recibiu outra facultativa, si é que asinaba unha mera solicitude de convocatoria de xuntanza de servizo.

A cuestións como estas fixemos referencia no pasado. Dixemos que eran inaceptables. A Xerencia negou que existiran. Non imos deixalas pasar. Por respecto ós dereitos das persoas, por dignidade nas relacións laborais, por necesidade de defensa do exercicio autónomo das profesións sanitarias. Como non imos deixar pasar sin confrontalas, cos medios que procedan, as accións ou omisións asistenciais que vulneren dereitos dos cidadáns a recibir unha asistencia acorde cas súas necesidades e cas indicacións terapéuticas recoñecidas científica e profesionalmente.

Santiago 15 de maio de 2014